

En Boiro, sendo as 16:20 horas do día 19 de xaneiro de 2022, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Directrices sobre a avaliación inicial logo da visita de Inspección.
3. Información e acordos sobre a promoción de ciclos e bacharelato curso 22/23.
4. Información e acordos sobre campaña do uso do teléfono móbil.
5. Información novidades Orde de 8 de setembro de atención á diversidade.
6. Rogos e Preguntas.

### **1. Aprobación, se procede da acta anterior.**

María Ana Domínguez, directora do IES, sinala que a acta como é costume atópase dispoñible na páxina web para súa lectura. Apróbase a mesma por unanimidade.

### **2. Directrices sobre a avaliación inicial logo da visita de inspección.**

María Ana informa que a inspectora solicitou facer unhas novas actas máis detalladas sobre a avaliación inicial a algúns dos departamentos que revisou. María Ana solicita que se lle faciliten esas actas para poder telas dispoñibles para unha posible futura revisión da Inspección Educativa.

Margarita Picón Romero, xefa do departamento de Lingua Galega e Literatura, pregunta se afecta a tódolos departamentos, ante o que María Ana sinala que non, só os que solicitou a inspectora. Rosa María Ventín Pena, xefa do departamento de Administrativo, especifica que a ela non lle pediu unha revisión da acta do departamento, senón completar algunhas das actas de curso realizadas polos titores na avaliación inicial.

### **3.- Información e acordos sobre a promoción de ciclos e bacharelato no curso 22/23**

María Ana Domínguez indica que se repetirán as campañas de promoción do curso pasado para os ciclos que deron bo resultado. Propón adiantar a campaña de promoción do bacharelato no IES de A Cachada para adiantarse á prematricula que lle facilita o IES de Praia Barraña, xa que o ano pasado cando se fixo a promoción xa case todo o alumnado de 4º da ESO do IES A Cachada tiña formalizada a prematricula no outro centro.

Tamén indica que se alguén está interesado, incluso dun xeito interno pódese facer campaña publicitaria das optativas.

Pablo Benito Rivas Cao, xefe de departamento de Electrónica, pregunta se se vai facer a promoción a pais que o ano anterior se realizara na Casa da Cultura de Boiro. María Ana indica que debido ao pouco éxito que tivo en termos de asistencia, poderíase facer conxuntamente coa de 4º da ESO nas propias instalacións do instituto.

### **4.- Información e acordos sobre a campaña do uso do teléfono móbil**

María Ana Domínguez indica que baixo a súa percepción hai un exceso de uso do teléfono móbil. Lucía Somoza, vicedirectora do centro, falou co alumnado de bacharelato para que deran unha charla sobre o uso dos dispositivos móbiles.

Como primeira medida a aplicar propónse a realización de carteis para a concienciación do alumnado e unha aplicación máis estrita da normativa incluída nas NOF (normas de organización e funcionamento do centro).

María Ana Domínguez, recorda que nas NOF recóllese que no caso de atopar a un alumno utilizando o teléfono móbil este pode enviarse ao equipo directivo para que despois, ao final da mañá, as familias pasen polo centro a recollelo.

Mónica Pérez Arias, xefa do departamento de Artes Plásticas, indica que lle parece ben que se insista na redución do uso dos teléfonos móbiles.

Apróbase por unanimidade iniciar a campaña de uso da telefonía móbil.

### **5. Información novidades Orde de 8 de setembro de atención á diversidade.**

María Ana Domínguez, realiza unha presentación das principais novidades do plan de atención á diversidade, realizando mención especial a:

- Aula de convivencia: Onde se establece que é obrigatorio que o alumno expulsado da aula acuda con indicación das tarefas que debe realizar.
- Reforzo na aula: O profesorado con horas libres pode facer reforzo na aula.
- Plan de reforzo de pendentes: Débese facer por escrito un plan individualizado de pendentes cos datos de cada alumno/a. O seguimento do alumnado ten que realizalo o profesor que dea a materia no curso onde el a ten suspensa.
- Alumnado repetidor: Débese realizar outro plan individualizado.

Margarita Picón, pregunta que pasa coas materias que se aprobaron o curso anterior, no caso dos repetidores. María Ana indica que ten que volver a cursar esas materias.

### **6.- Rogos e Preguntas**

Non hai

Sendo as 17:00 horas levántase a sesión.

A DIRECTORA  
Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

O SECRETARIO  
Asdo.: Jorge Rodríguez Martínez

Ausentes:

- Ferreirós Blanco, María Teresa

Conectáronse de xeito telemático:

- Hernández Mato, Beatriz
- Maneiro Estébanez, Sandra